

EXPEDIENTE: 2022/E001/0000011

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS OU EXCLUÍDAS NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL TÉCNICO OU AXENTES DE IGUALDADE

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego de persoal técnico ou axentes de igualdade do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 328 de 29/07/2022.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o martes 9 de agosto de 2022 (BOP núm. 150) e publicado na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base 3ª, referida as condicións das persoas aspirantes, e a base 4ª, referida á presentación de instancias, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de persoal técnico ou axentes de igualdade.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA	ADMITIDO SI/NON
Armendáriz Gil, Fernando	***842***	Si	Si
Boquete Vila, Lorena	***593***	Si	Si
Coto Couceiro, Raquel	***716***	Si	Si
El Lortbi Martínez, Hamid	***177***	Si	Non (1, 3)
Lazo Fuente, Xiomara	***564***	Si	Non (2)
Losada Cortizas, Sabela	***107***	Si	Si
Mella Castro, Ana María	***087***	Si	Non (2)
Mosconi Cadillo, Ana	***810***	Si	Non (2)
Núñez Rodríguez, Lorena	***747***	Si	Non (2)
Palmeiro Ojeros, Tatiana	***579***	Si	Non (1)
Pérez Dávila, Amara	***170***	Si	Si
Piñeiro Rial, Cristina	***891***	Si	Si
Rey Fajín, Noelia	***054***	Non	Non (1)
Rey Peón, Marta	***789***	Si	Si
Varela Ferreiro, Ana	***267***	Si	Non (2, 5)
Varela Tato, Alba	***906***	Si	Non (2)

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA	ADMITIDO SI/NON
Yáñez Rouco, Beatriz	***375***	Si	Non (2)

Claves de exclusión:

1- Non achegar o Anexo I. A base cuarta, referida á presentación de instancias, di:

*"As solicitudes presentaranse no modelo oficial que se achega como **Anexo I** a estas bases, dirixidas á Alcaldía, ... "*

2- Non achegar formación en igualdade segundo se refire na base 3.f) *"Ter formación especializada, mínimo de 500 horas, en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero, excepto para o caso de ter o Grao en Igualdade, a formación debe cumprir o requisito de ser certificada, subvencionada ou impartida por Administracións Públicas, universidades ou fundacións universitarias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación. Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias."*

3- Non acreditar de xeito adecuado a antigüidade de polo menos 6 meses como demandante de emprego para gozar da bonificación do 50% da taxa.

4- Non aporta xustificante de pago de taxa ou non se acredita de forma axeitada.

5- Non aporta DNI ou resguardo do mesmo, ou documentación equivalente.

A inclusión dos/das aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases Reguladoras aprobadas.

Segundo.- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. As persoas aspirantes excluídas, dispoñen dun prazo de **tres días hábiles** seguintes á publicación desta resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos (base 4ª), nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

Terceiro.- As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanen a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía 476/2022 de 15/09/2022)

A secretaria-interventora, que da fe.